



*Revista Galega
do Ensino*

Ano 14 • 2ª época • Nº 48 • Marzo 2006

Colaboracións especiais

RGE

AS REDUCIÓNS DE PARAGUAI, UNHA EXPERIENCIA EDUCATIVA SINGULAR

Carmen Labrador Herráiz

Universidad Complutense de Madrid

RESUMO

As actividades que realizaron os misioneiros xesuítas con grupos de indios guaraní en Paraguai en tempos da colonia, nos séculos XVII e XVIII, son complexas. Non se trata só de evanxelizar os indíxenas, senón que abrangue aspectos culturais, sociais, económicos e educativos.

Este artigo presta atención especial á organización política e social das reducións levada a cabo polos xesuítas e os nativos; ao feito de que a lingua orixinal guaraní prevaleza totalmente como vehículo de comunicación nas reducións; á adopción de modelos técnicos e artísticos de Europa e ás implicacións que a educación ten nos hábitos sociais e culturais dos guaraní.

PALABRAS CLAVE

Historia da educación, educación social, educación para a comunidade, emigración, educación intercultural, diversidade.

1. INTRODUCCIÓN

A ampla literatura que existe sobre o tema das reducións é un indicador excelente para comprobar o interese que desde o século XVIII espertou o seu coñecemento e verificar o número importante de estudosos que nas súas investigacións se ocuparon desta realidade tan singular.

Abonda achegarse a publicacións tanto de historia como de antropoloxía, pedagogía ou literatura nas cales, para referirse ás reducións, se di que son un “capítulo sen par na historia”, un “legado cultural único”, unha “achega eficaz á vida social” e outras moitas, no mesmo sentido.

Nesta ocasión, intentando limitar o estudo ao espazo establecido, abórdase o tema desde tres ideas básicas. Por unha parte, a consideración das reducións como un sistema de vida comunitario; en segundo lugar, unha concepción que permite un rendemento económico autoxestionado, e, por último, un espazo que é de todos e para todos.

En función destas ideas, a educación estaba formulada para a comunidade, para a economía e para a propiedade. Para unha vida en común con economía suficiente, na que existía unha propiedade sen propietarios e cun rendemento do traballo que era de todos e para todos.

Para conseguir este modelo de sociedade, os xesuítas, que, como outras ordes relixiosas, chegaron a América no século XVI, imaxinaron, soñaron e buscaron alternativas; alternativas que, naturalmente, esixían un cambio de mentalidade e novas formas de relacións humanas nos diferentes ámbitos, económico, político e social, con importantes implicacións educativas para as novas formas de organización, para outros estilos de convivencia e para a mellora das condicións de vida dos nativos americanos.

A posibilidade de afrontar estes retos esixía unha excelente preparación dos misioneiros, ademais de entrega e capacidade para resolver problemas sociais tan importantes e difíciles como eran a antropofaxia, a escravitude e a vida nómada habitual da poboación indíxena.

Unha mirada aos protagonistas proporcionáanos datos para verificar que as súas accións foron unha realidade. A nómina dos que viviron esta experiencia é realmente interesante. Hainos de moi distintas nacionalidades e profesións. Médicos, escritores, astrónomos, lingüistas, historiadores, matemáticos e cartógrafos que, á vez, foron “mestres” capaces de preparar os indios para traballar en teares, tornería de madeira, fundición de campás e para ensinarlles linguas, curar variolais e vivir en común.

2. UNHA SINGULAR EXPERIENCIA SOCIOEDUCATIVA

As reducións de Paraguai preséntanse como unha particular experiencia comunitaria entre os séculos XVI e XVIII. Na literatura utópica ocupan un lugar importante, así como no debate que produciu a mesma variedade de termos empregados para definir esta organización. A relación de conceptos utilizados para definir as reducións é moi ampla. Fálase de reino, de estado cristián-social, de república, de imperio, de organización socialista cristiá e outros máis.

As reducións constitúen o conxunto de misións xesuíticas na zona de Río de la Plata que existiron entre 1609 e 1768, ano da expulsión dos xesuítas dos territorios da Coroa española. Na historia de América ocupan un capítulo importante e extenso. Probablemente é un dos temas máis estudados desde o século XVIII e un dos feitos mellor documentados de toda a presenza dos españois en Iberoamérica. As fontes documentais que poden consultarse son amplas e valiosas. Consérvanse numerosas cartas de xesuítas, documentos gubernamentais, reais cédulas e outras disposicións emanadas dos diferentes gobernos. Hai miles de arti-

gos, estudos, tratados, libros, se ben é certo que o valor científico é desigual e o tema é polémico, con críticos implacables e tamén con apoloxetas para os que a obxectividade e o rigor están ausentes.

Os arquivos de Sevilla, Asunción, Bos Aires, Madrid e Roma conservan documentos fiables para o seu estudo. Na Universidade de Georgetown (USA), atópase extensa e valiosa documentación sobre o tema, coidadosamente conservada e sistematicamente organizada.

Para este breve traballo utilizáronse, sobre todo, os *Reglamentos* de 1637 e 1689 e o *Libro de órdenes* (en cada redución había un exemplar), ademais doutra bibliografía útil. No *Reglamento* de 1637 establécense as competencias do P. Superior en todas as reducións con relación aos xesuítas. Proximamente contaremos cun documento excepcional, en prensa na actualidade.

O obxectivo deste artigo consiste en presentar o punto de vista dos indíxenas tal e como aparece na excelente documentación que se conserva da época e tamén en investigacións de historiadores actuais, máis sensibles ás cuestións étnicas e á realidade dos pobos colonizados que anteriores xeracións, cargadas ás veces de prexuízos e estereotipos, e obrigadas a investigar con máis limitacións das que agora temos.

Na miña opinión, o momento histórico que vivimos é excelente para buscar a obxectividade na consideración dos datos, dos feitos, das situacións e rescatar desde aí a realidade espléndida da singular utopía que aquelas comunidades indíxenas realizaron.

Os xesuítas cando pensaron na construción das reducións tiveron como obxectivo fundamental a evanxelización e a promoción integral do aborixe, é dicir, a educación. Estaban nun espazo e nun tempo histórico e eles eran os protagonistas que debían afrontar problemas verdadeiramente importantes.

O espazo enmárcase no territorio que incluía o que actualmente é Arxentina, Chile, Bolivia, partes do Brasil e Paraguai. Unha extensión aproximada á de Europa Occidental. O tempo transcorre entre 1585 e 1767. En 1604, Roma constituíu a rexión de Paraguai como unha “provincia” á parte para os xesuítas.

O pobo guaraní e a Compañía de Xesús protagonizan nesta rexión, e en pouco máis de século e medio, unha experiencia orixinal de vida e de fe, cuxa síntese cultural e realización de valores son os seus indiscutibles sinais de identidade. En diferentes investigacións fábase de *síntese cultural única cuxos valores e testemuños perduran*:

“Llamamos Reducciones a los pueblos de indios que, viviendo a su antigua usanza en montes, sierras y valles, en escondidos arroyos, en tres, cuatro o seis casas solas, separadas a legua, dos, tres,

y más, unos de otros, los redujo la diligencia de los padres a poblaciones grandes y a vida política y humana, a beneficiar el algodón con que se vistan...” (Ruiz de Montoya, 1639).

O termo *reducións* usábase na época como *comunidade*, no sentido de reunir ou congregar en asentamentos de misión. As reducións de Paraguai foron a obra de misioneiros da Compañía de Xesús. Nesta obra, cunha singular organización interna, integran as artes, as linguas, a relixión e crean unha nova cultura.

En 1549, só nove anos despois da fundación da orde, chegaron sete xesuítas ao Brasil. Internáronse nas xunglas para evanxelizar os nativos, coñecer os seus costumes, aprender as súas linguas, compartir os seus ritos, participar da *súa cultura*.

Antes, un 15 de agosto de 1537, chegaran os franciscanos cos fundadores de Asunción. Comezaron a organizar os indios en asentamentos. E foi un franciscano, Luis Bolaños, quen escribiu a primeira *gramática*, o primeiro *dicionario* e un *libro de oracións* en guaraní.

Os primeiros xesuítas procedían do Brasil, eran tres: un portugués, un irlandés e un español. Non foi doada a súa chegada; tampouco os primeiros anos nas selvas, en situacións adversas de difícil entendemento. Atópanse con problemas de antropofaxia, escravitude e costumes de vida nómade dos nativos. Só unhas citas evidencian a crueza de situacións que se repetían con frecuencia:

“El cautivo que cogen en guerra lo engordan, dándole libertad en comidas y mujeres que escoge a su gusto; ya gordo lo matan con mucha solemnidad y tocando todos a este cuerpo muerto con la mano, o dándole algún golpe con un palo, se pone cada cual su nombre; por la comarca reparten pedazos de este cuerpo, en el cual pedazo cocido en mucha agua, hacen unas gachas en este cuerpo, de que tomando un bocado toma cada cual su nombre, las mujeres dan a sus hijos de teta un poquito de esta mazamorra y con eso les ponen el nombre” (Ruiz de Montoya, 1643, p. 15).

Esta morte é, non obstante, gloriosa. E o prisioneiro, que ata entón goza de toda a súa liberdade no poboado, en ningún momento pretende fuxir; antes ben, afronta a morte con honra e provoca os seus perseguidores co número dos seus, que os da súa tribo xa mataron e comeron e coa vinganza que estes tomarán pola súa propia morte. Segundo Haubert:

“La antropofagia se convierte en algo ritual, propia sólo de los guaraníes, no se trata sólo de saciar el hambre. El rito exige la reparación; el rapto de energía vital en el grupo victorioso, los que matan a un enemigo o le hacen prisionero, el que ejecuta al guerrero cautivo, los que comen de su carne o simplemente la tocan,

aunque sea con un palo. Los niños que abren el cráneo con pequeñas hachas de cobre y empapan sus manos en su sangre, todos engrandecen, adquieren fuerza y cambian el nombre. La antropofagia y la guerra tienen, así pues, una función social esencial” (Haubert, 1991, pp. 28-32).

O mesmo P. Ruiz de Montoya, que foi obxectivo claro da antropofaxia, á súa entrada na provincia de Tayaobá, futura Misión de San Nicolás, dinos:

“Tenía esta provincia casi infinita gente y con las costumbres gentiles de observancia muy guerrera y en comer carne humana muy ejercitada. Dieron muestras de recibirme bien, pero fingidas, porque dando aviso de mi llegada, toda aquella noche fue desgalgando gente de aquellas sierras, con ánimo de comerme y a los que iban en mi compañía, que serían como quince personas. Tenían deseo, como después supe, de probar la carne de un sacerdote que juzgaban era diferente y más gustosa que las demás” (Ruiz de Montoya, 1643, p. 123).

E con gran realismo continúa a descrición:

“El que más ardía en furor y deseos de comerme era un mago llamado Guirabera, el cual se hizo llamar Dios, y con sus mentiras se había apoderado de aquella gente. Su comer ordinario era carne humana y cuando fabricaba alguna casa o hacía alguna obra, para regalar a sus obreros hacía traer el más gordo indio de su jurisdicción y de aqueste pobre hacía su convite” (Ruiz de Montoya, 1643, p. 129).

Outro tipo de comportamentos maniféstanse no mesmo sentido, segundo Ruiz de Montoya, pois observa que nalgunhas tribos limítrofes cos guaraní, teñen o costume de matar os xemelgos e os nenos con malformacións. O mesmo sucede, segundo o P. Paucke, se o grupo carece de alimentos, se se prepara para unha viaxe ou se o pai sospeita que o neno non é seu. Tamén segundo o P. Ruiz de Montoya, os indios dan os seus propios fillos a cambio dunha placa de cobre para usar como pectoral.

Sería erróneo crer que este comportamento cos rapaces responde á cruel indiferenza cara ao neno, moi ao contrario confiando o neno a quen, pola súa xenerosidade, manifestou a entrega de algo tan querido, testemuñan tanto amor cara ao fillo como a súa diferenza cara ao estranxeiro.

A chegada do misioneiro supón un acontecemento social cun ritual ben definido. Entre os guaraní é costume que o xefe espere o visitante nunha das grandes casas. Cando o xesuíta penetra nela por algunha das portas, nun principio

vese sorprendido polo fume das cacharelas. Pero descubrinto o cacique sentado na súa hamaca ou ben de pé, sorpréndese aínda máis cando recibe unha acollida que non pode parecerlle máis que lúgubre.

Ruiz de Montoya descríbea así:

“Reciben a los huéspedes o a los que vienen de viaje con un formado llanto de voces... En entrando en la casa se sienta y junto a él el que recibe. Salen luego las dos mujeres y rodeando al huésped, sin haberse hablado palabra, levantan ellas un formal alarido, ...los varones cubren el rostro con las manos, mostrando tristeza y llorando juntamente... cuanto mas importante es la persona mayores son los alaridos de tal manera que semejan que alguien muy querido de la comunidad ha muerto. Enjúganse las lágrimas, cesan los gritos y entonces se dan la bienvenida y es desdichado el que no es así recibido” (Ruiz de Montoya, 1643, pp. 51-52).

Noutros grupos o recibimento é diferente, aínda que debe relacionarse co culto aos mortos. Entre a tribo dos chiquitos, segundo o P. Burgués, o viaxeiro é recibido na casa común de todos os novos solteiros e a súa chegada é motivo de festas e borracheiras que podían durar dous ou tres días. Esta foi unha realidade complexa, un dos problemas máis difíciles e con grandes limitacións que desde a perspectiva máis humana e cristiá debían resolverse.

Tamén os colonizadores europeos dificultaron enormemente a súa tarefa de evanxelización. Os “encomendeiros” colonizadores encargados das xornadas de traballo trataban os indios como escravos. De tal maneira que a escravitude foi outro dos serios problemas que os misioneiros tiveron que afrontar decididamente. Os “bandeirantes” procedentes do Brasil organizábanse en São Paulo e penetraban nas posesións hispanas, co obxecto de capturar indios e vendelos despois como escravos. Nas súas incursións chegaron ás reducións xesuíticas de Guayrá. Nestes ataques cometíanse todo tipo de atrocidades que remataban coa morte ou escravitude dos seus poboadores e a queima e destrución das vilas. A máis desoladora tivo lugar en 1629 baixo o mando de Antonio Raposo Tavares. Con elas conseguiron, ademais, apoderarse de amplos territorios fronteirizos.

Algúns datos falan de 300.000 indios aproximadamente antes de 1641 que foron cativos e 60.000 escravos dos paulistas en só dous anos. Dise que cristiáns vellos encadeaban a cristiáns novos para vendelos como escravos, e isto, a pesar de que en 1537, o Papa Paulo III condenara a escravitude dos pobos indíxenas de América e os Reis de España promulgaran leis humanitarias na súa defensa. Pero a distancia era un grande obstáculo para lograr que estas normas se observasen e a súa transgresión desacreditaba a obra dos misioneiros ante os indios.

A vida nómade dos pobos indíxenas, a falta de sentido da vida en común dos indios que nunca viviran en cidades, engadía outro problema non pequeno aos xa citados. Ante eles, e para tratar de resolvelos, prodúcese a grande intuición dos xesuítas. Comprenderon que para protexer os indios había que facer comunidades separadas das zonas colonizadas polos europeos; espazos nos que puidesen vivir con liberdade e dignidade, aínda que tivesen que pagar taxas á Coroa.

Ao longo do século XVI e principios do XVII apréciase un estimable esforzo por restrinxir o sistema de encomendas, ata lograr a súa extinción e fomentar cada vez máis o proxecto de reducións dos indios en poboados especiais. O padre xesuíta José de Acosta foi, a finais do século XVI, un dos teóricos máis relevantes do proceso das reducións. Tamén o xurista Juan de Solórzano Pereira a mediados do século XVII. A *Recopilación de los reinos de Indias* (1681), recolle ordenanzas anteriores e dispón: “Para que los indios aprovechen más en cristiandad y policía se debe ordenar que vivan juntos y concertadamente”.

Os asentamentos protexíanse de tal xeito que coidadosamente procuraban “con toda prudencia que los españoles no entren en el pueblo y si entraren que no hagan agravio a los indios... y en todo los defiendan como verdaderos padres y protectores”.

Con estas formulacións chegaron a establecer e administrar trinta pobos da zona do río Paraná, ata 1768 en que por Real orde de Carlos III, todos os relixiosos da Compañía de Xesús foron expulsados.

3. ORGANIZACIÓN POLÍTICA E SOCIAL INTERNA

A organización sociopolítica por parte misioneira foi moi simple; asentouse en dous piares importantes. Por unha parte, o “rigor da xestión” e, por outra, a “verdade da mensaxe”, os dous á súa vez potenciados pola excelente preparación dos xesuítas e doutro persoal que, en definitiva, foron a clave do éxito.

A Compañía de Xesús seleccionara coidadosamente entre numerosos candidatos europeos os destinados para a misión que foron solidamente preparados en canto a cuestións relixiosas, en ensino, en medicina, agricultura, artesanía e outras profesións útiles.

En febreiro de 1604 o Padre Xeral da Compañía de Xesús, Claudio Acquaviva, creou a provincia xesuítica de Paraguai. Poucos anos despois, por iniciativa do primeiro provincial P. Diego de Torres Bollo e do Gobernador Hernando Arias de Saavedra (Hernandarias), parten en 1609 desde Asunción os primeiros xesuítas para emprender a grande obra evanxelizadora entre os guaraníes. Diríxense cara ao río Paraná, onde os padres Lorenzana e San Martín fundan a redución de San Ignacio Guazú e cara ao Guayrá, onde os padres Massetta e Cataldino fundan San Ignacio de Ipaumbucú e Nuestra Señora de Loreto.

Á vez, outros misioneiros inician traballos na rexión dos Guaycurúes, pero esta misión non prosperaría pola súa proximidade con Asunción e pola belicosidade dos indíxenas que os obrigarón a emigrar á zona do Paraná.

Entre 1610 e 1628 os xesuítas citados, e outros máis que ían chegando, organizaron numerosas vilas e reducións no Guayrá, na rexión do Paraná e Uruguai, no Tape e no Itatín.

No Guayrá destacou o Padre Antonio Ruiz de Montoya, quen chegou a organizar once vilas; mentres que na rexión do Paraná, Uruguai e Tape traballou o P. Roque González de Santa Cruz, a quen debemos fundacións como San Nicolás, Candelaria, Concepción, Nuestra Señora de la Anunciación de Itapucú (logo Encarnación de Itapúa) e outras. Antonio Ruiz de Montoya desde 1620 a 1637 deulles un grande impulso ás reducións. El mesmo escribiu *Tesoro de la lengua guaraní e Conquista espiritual hecha por los religiosos de la Compañía de Jesús en las provincias de Paraguay, Paraná, Uruguay y Tape*.

Mentres Ruiz de Montoya organizaba a redución de Todos los Santos del Caaró, foi martirizado xunto co P. Alonso Rodríguez por un grupo de indíxenas dirixido por Ñezú. Igual sorte correu o padre Juan del Castillo na redución de Asunción de Iyuí.

A tarefa evanxelizadora nestas vilas viuse dificultada repetidas veces polos asaltos de bandeirantes provenientes de San Paulo que perseguían os indíxenas para vendelos como escravos para as plantacións de azucre e algodón. Os ataques iniciáronse contra os pobos do Guayrá en 1628, destruindo once dos trece alí fundados; estendéronse logo ao Tape, onde foron destruídas a maioría das reducións.

Ante semellante perigo, os misioneiros e guaraníes deciden trasladarse a lugares máis seguros. Os do Guayrá, dirixidos polo P. Montoya, trasládanse en 1631 cara ao sur (éxodo guayreño), refundándose nas beiras do Yabebirí (na actual provincia de Misiones) as vilas de Loreto e San Ignacio Miní. Os do Tape buscaron refuxio nas proximidades de Uruguai.

Pero os ataques bandeirantes ou paulistas continuaban. Neles cometíanse todo tipo de atrocidades que remataban coa morte ou escravitude dos seus poboadores e a queima e destrución das vilas. Coñecendo que se organizaba en San Paulo unha gran bandeira, as reducións deciden preparar a súa defensa. Os guaraníes adéstranse militarmente baixo a dirección de irmáns coadxutores que anteriormente tiveran desempeño militar en Europa, mentres o P. Montoya xestionaba en Madrid a autorización do rei para que os pobos puidesen ter armas de fogo. Unha vez obtida esta autorización, crean un exército de indios –cousa excepcional durante a colonia–, coa xustificación de opoñerse ás incursións dos portugueses, con cuxas posesións lindaban os seus dominios. Pero a guerra non só se librou entre os bandeirantes, senón contra a outra provincia paraguaia.

A situación case permanente en estado de asedio polos “bandeirantes” portugueses e os colonizadores españois que axexaban cazando indios para convertelos en escravos obrigou a crear unha forza armada guaraní tan potente que o mesmo vicerrei de Perú, conde de Salvatierra, solicitou a defensa da fronteira hispano portuguesa detendo deste xeito a chegada ao Río de la Plata.

O enfrontamento máis serio produciuse durante a longa revolución comu-neira (1717-1747), na que o exército de indios misioneiros foi posto ás ordes das autoridades de Bos Aires, enviadas para esmagar a rebelión dos comu-neiros de Asunción.

No mes de marzo de 1641 no enfrontamento de Mbororé, os bandeirantes sofren unha forte derrota que os obrigou a retirarse precipitadamente. Esta vitoria permitiulles ás reducións o seu asentamento definitivo.

Trinta eran as vilas existentes daquela, distribuídas xeograficamente do seguinte xeito:

A) No que hoxe é Arxentina (quince):

En Misiones (once):

Corpus
San Ignacio Miní
Loreto
Santa Ana
Candelaria
Mártires
Santa María la Mayor
Concepción
San Javier
Apóstoles e
San José

En Corrientes (catro):

Yapeyú
La Cruz
Santo Tomé
San Carlos

B) No que hoxe é Paraguai (oito):

Jesús
Itapúa
Trinidad
San Cosme y Damián

Santa Rosa
Santa María de Fe
Santiago e
San Ignacio Guazú

C) No que hoxe é Brasil (sete):

San Borja
San Nicolás
San Juan
San Ángel
San Luis
San Miguel
San Lorenzo

Os seguintes mapas expresan a evolución das fundacións.

Figura 1
Localización xeográfica das reducións




Fonte: http://www.uninet.com.py/paraguay/ruinas_jesuicas.html

Figura 2
Reducións en torno ao río Paraná



Fonte: www.geocities.com/Athens/Styx/6497/jesuits.html

Figura 3
Reducións en torno ao río Uruguai



Fonte: www.geocities.com/Athens/Styx/6497/jesuits.html

4. ORGANIZACIÓN DAS VILAS E TRAZADO URBANO

As misións de guaraní caían no ámbito xurisdiccional das Gobernacións de Asunción e de Bos Aires. No seu conxunto estaban baixo a efectiva dependencia do gobernador de Bos Aires, da Real Audiencia de Charcas, do vicerrei de Perú e do rei de España. Os indíxenas eran considerados vasallos directos do rei, ao que lle debían pagar tributo anualmente; a súa taxa era dun peso por familia, quedando libres deste imposto os caciques e os seus fillos e os indios que se acababan de converter.

Cada vila tiña o seu cura e un compañeiro, que dependían do superior das misións, que residía en Candelaria, e do provincial, que vivía en Córdoba. O cabido era a máxima autoridade civil, integrada por caciques que desempeñaban os diversos cargos.

A vida dos indios dispersos en selvas, montañas, sabanas e lugares moi distantes ofrecía dificultades serias, ás veces insalvables, para a súa evanxelización e educación. Atender a unha realidade tan especial esixía, como tarefa urxente, formular un estilo de vida social comunitaria en poboados aplicando a idea positiva das reducións. Non deben esquecer os inconvenientes que esta planificación supoñía; inconvenientes como desarraigallos das súas terras, dos seus costumes, do seu modo de vestir e alimentarse; non obstante, eran maiores as vantaxes.

A abundante e valiosa documentación de que dispoñemos, así como os restos arqueolóxicos, mostran como se concibiron as reducións: todas tiñan un trazado urbano rectangular. Para as construcións, os padres xesuítas intentaron unha especie de síntese entre a cidade española e a vivenda guaraní. Así, nalgunhas cartas pode lerse: “Fue necesario construir este pueblo desde sus fundamentos... me resolví construírlo a la manera de los pueblos de los españoles para que cada uno tenga su casa, con sus límites determinados y su correspondiente cerca para impedir el acceso de la una a la otra”.

Separáronse as grandes pezas comunais con paredes de adobe ou pedra para formar unidades independentes ocupadas cada unha por unha soa familia. Estas construcións colocábanse en fileiras formando quinteiros separados por rúas paralelas aos lados da grande praza central.

Esta forma de vida era agradable para os indios:

“Estaban muy contentos en sus casas nuevas, a las cuales se pasaron aun antes de estar acabadas por estar holgados y anchurosos (...) tienen tres aposentos, con refectorio, despensa y cocina, todo muy bien acomodado y proporcionado, con sus puertas y ventanas de cedro de los que hay abundancia en esta región. Y aunque la techumbre es de paja nos ha costado bien cubrirla por haber poca aquí” (Gálvez, 1989, p. 20).

O trazado urbano das reducións estaba disposto de modo excelente: cada cidade organizábase segundo un proxecto urbanístico coidado no que se aprecia o núcleo principal, as vivendas-quinteiros, a praza, as rúas rectas e chás, a igrexa, a horta e outras estruturas arquitectónicas.

A praza rectangular ou cadrada rodeada de árbores era o centro; constituía o elemento ordenador do espazo urbano, nela converxían as rúas principais. Era o lugar no que se concentraban as diferentes actividades cívicas e relixiosas e convertíase no grande escenario de participación no que tiñan lugar xogos, cantos, danzas, representacións teatrais, prácticas militares e outros exercicios oportunamente preparados.

En fronte atopábase a Igrexa que, xeralmente, era de pedra na parte inferior; a un lado desta, o cemiterio e o asilo-orfanato, a casa de viúvas, o concello e ao outro lado a residencia dos padres xesuítas, a escola e os talleres artesáns, almacéns e celeiros. Detrás estendíase a horta e un grande xardín botánico, importante para a selección de sementes e aclimatación de especies.


Nos lados restantes da praza aliñábanse en bloques as casas dos indíxenas unidas por pórticos, como pode apreciarse na imaxe, para protexelas do sol e da chuvia; estas construcións eran paralelas ao costado da praza, de tal maneira que permitían o crecemento ordenado das vilas.

Este modelo de estrutura urbana contribuíu, sen dúbida, a mellorar a convivencia nos agrupamentos guaraní. Redactáronse recomendacións precisas neste sentido para ter en conta nas sucesivas ampliacións dos asentamentos. Efectivamente, desde o comezo, as instrucións do padre provincial Diego de Torres aos misioneiros tiveron unha formulación moi clara, a mesma que se seguirá durante o século e medio da súa existencia. Os xesuítas debían elixir ben a vila, o cacique, as terras e lugares máis convenientes. Debían conseguir traballos agrícolas e gandeiros que asegurasen o sustento da poboación que tería entre 800 e 1.000 habitantes indios.

Convén recordar que o feito de reunir grupos diversos nunha mesma redución, as inadecuadas localizacións dos primeiros tempos, as catástrofes naturais e as invasións dos mamelucos obrigaron a cambios de localización sempre penosos que se engadían ás novas formas de vida das tribos, agora obrigadas a horarios concretos, a disciplina rigorosa e a comportamentos inusuais.


Un modelo da estrutura urbana apréciase nos planos seguintes das reducións de Loreto e de San Ignacio Miní.

Figura 4
Plano da redución de Loreto



Fonte: http://www.uninet.com.py/paraguay/ruinas_jesuiticas.html

Figura 5
Plano da redución de San Ignacio Mini



Fonte: http://www.uninet.com.py/paraguay/ruinas_jesuiticas.html

En arquitectura, as construcións máis notables foron as igrexas, que destacaban polo seu esplendor, grandiosidade e excesiva ornamentación. Corresponden ao estilo barroco, coñecido como xesuítico ou “barroco americano”. Un grande arquitecto foi José Brasanelli, que traballou na construción das igrexas de San Borja, Santa Ana, San Javier, San Ignacio Mini e Loreto. Tamén destacou o irmán Juan Primoli, quen traballou nas igrexas de San Miguel, Trinidad e Concepción. As *Figuras 6, 7 e 8* representan exemplos da arquitectura mencionada.

Figura 6
Redución Santísima Trinidad



Fonte: http://www.uninet.com.py/paraguay/ruinas_jesuiticas.html

Figura 7

Restos arqueolóxicos: Igrexa de San Ignacio Mini



Fonte: http://www.uninet.com.py/paraguay/ruinas_jesuiticas.html

Figura 8

Vista frontal da igrexa da redución de San Ignacio Mini



Fonte: http://www.uninet.com.py/paraguay/ruinas_jesuiticas.html

5. ORGANIZACIÓN ECONÓMICA

En canto á súa organización económica, existía un réxime mixto de propiedade: propiedade privada e propiedade colectiva, que tiñan como base da economía a agricultura, especialmente a explotación dos “*yerbales*”. Nun principio buscaban a “*yerba*” na rexión do Mbaracayú, onde medraba en estado natural, pero isto supoñía complicadas e sufridas viaxes dos guaraní a afastadas bisbarrras. Por esta razón, os xesuítas dedicáronse ao cultivo de “*yerbales*” nas proximidades de cada unha das vilas. Os “*yerbales*” producían a “*yerba*” necesaria para o consumo interno e o sobranse empregábase para o comercio con Santa Fe, Bos Aires, Perú e Chile. Deste comercio obtíñase o diñeiro necesario para pagar o tributo ao rei. Posuían tamén vacarizas e estancias, con importante número de cabezas de gando.

O sistema socioeconómico misionero construíase sobre a base da obediencia, o traballo e o igualitarismo. A familia era monógama e o matrimonio obrigatorio. A vida dos indios estaba minuciosamente regulamentada desde o nacemento ata a morte, así como a actividade diaria con horarios estritos de traballo, descanso, comidas, diversións ben dosificadas e exercicios de devoción.

Os vestidos de tea rústica eran iguais para todos. Só os caciques en sinalados días de festa podían ostentar os signos da súa dignidade.

O traballo era obrigatorio. Do producido, unha parte destinábase a sustento familiar, outra a axudar nos gastos da comunidade, da vila, como a provisión de elementos de labranza, carpintería ou doutros traballos, abastecemento de asilos, escolas, hospitais, etc., e a terceira parte a gastos do culto.

Como pode apreciarse, no sistema das reducións, contrariamente ao resto do sistema colonial, os indios non estaban sometidos á servidume da encomenda e o réxime económico era comunitario.

O gando e os útiles de traballo pertencían á comunidade e en común emprendíanse os labores agropecuarios, así como a construción e reparación de vivendas, templos e obras públicas en xeral. Tamén debían ocuparse dos apeiros e outras ferramentas necesarias para cultivar o campo e para o coidado de gando e doutros animais.

Os misioneros tiñan que procurar que cada indio cultivase unha parte suficiente de terreo, que todos puidesen cultivar canto quixesen e, ademais, conseguir que os indios traballasen por si sós, “lo lamentable, dicen, es que haya tan pocos que quieran” (Haubert, 1991, p. 211).

Determinados funcionarios eran os encargados de comprobar que os traballos do campo se facían normalmente; que cada familia o fíxese para si ou que varias familias se unisen para facelo en común era indiferente.

Os xesuítas exercían como titores porque, se se lles deixaba facer, non facían nada; era preciso estar con eles. Ademais, a lexislación colonial confíalles e imponlles este papel. Igualmente, tiñan que administrar as colleitas, propiedade do campesiño, reservando unha parte para semente e gardando o que sobra en almacéns para intercambiar con outros produtos ou para anos en que as colleitas fosen menos abundantes.

Trátase, en definitiva, dun ensino e unha educación para o traballo agrícola, gandeiro, artesán, para a responsabilidade e a comunidade. Supoñía adaptación á nova vida, sobre todo, dos menores. Oportunamente aplicábanse castigos, porque axudaban a cumprir o código social imposto.

Nestas comunidades, os caciques, en número de 20 ou 30 en cada poboado, ao principio tiveron numerosas atribucións; non obstante, o sistema evolucionou de maneira que foron perdendo poder e desenvolveuse unha organización electiva de todos os cargos e ministerios. De feito, renovábanse anualmente a maioría deles.

6. ESCOLAS E TALLERES

Do exposto anteriormente dedúcese que as implicacións educativas esixidas polo novo modelo de sociedade eran numerosas, que as respostas socioeducativas non se fixeron esperar, máis ben pode pensarse que, en función da evolución que experimentaban os grupos étnicos afectados, as propostas educativas se anticiparon tratando de resolver os conflitos inherentes aos novos comportamentos sociais. Efectivamente, os xesuítas, que polo xeral procedían de familias europeas e crioulas ilustres, prepararon os indios en diferentes oficios e profesións, tales como arquitectura, carpintería, albanelería, tellería, ferrería... Esta preparación permitiu que, como pode apreciarse nas ruínas que actualmente existen, as construcións e a súa ornamentación fosen espléndidas, a distribución das vivendas razoable e harmónica e os espazos axeitados aos fins que se pretendían.

En cada redución funcionaban escolas primarias ás que asistían os nenos e nenas de 6 a 12 anos e tamén talleres que permitían a aprendizaxe de determinados oficios e preparaban para escultores, ferreiros, pintores, carpinteiros e outras profesións necesarias. A asistencia a estas escolas estaba presidida pola idea de que, canto máis presto se puidese facer, con suavidade e gusto dos indios, se recollan cada mañá os seus fillos a “*deprender*” (sic) a doutrina e de entre eles se escollan algúns para que “*deprendan*” (sic) a cantar e ler.

Os nenos gozaban de gran liberdade e eran moi disciplinados, a pesar de que non existía o castigo; desde moi pequenos eran considerados membros responsables da comunidade.

Á escola asistían aqueles nenos que progresaban na catequese e eran seleccionados para ensinalos a ler, escribir, contar, a tocar diferentes instrumentos musicais, a cantar e bailar “seguinto o compás”. Se os rapaces se resistían a ir á escola, os seus pais debían obrígalos.

Con frecuencia advírtese nos escritos dos misioneiros a insistencia en sinalar que “los pequeños indios aprenden con solicitud, constancia y rapidez” (Haubert, 1991, p. 137).

O ensino da música e do canto iniciábase coa frauta que os mesmos misioneiros mandaban construír. Despois, coa chegada de Luis Berger, excelente violonista, foi o violín o instrumento musical máis aceptado. En realidade, estas ensinanzas non foron difíciles porque os guaraníes tiñan unha inclinación natural pola música, que se cultivou xunto coa danza e o teatro en todas as reducións. Canto, danza e teatro foron os recursos didácticos máis utilizados para iniciar a comunicación cos indios e a partir dese entendemento comezar coas diferentes ensinanzas e a educación en xeral.

Grandes mestres da música foron os P. Vaisseau, Berger e Sepp. Este último instalou un conservatorio en Yapeyú, onde non só se preparaba os músicos, senón que se construían os instrumentos musicais necesarios. A música, expresión transformada da súa cultura oral, seguiu sendo un vehículo de comunicación excelente entre os indíxenas.

Os talleres de escultura e pintura foron notables, as obras servían xeralmente para ornamentar as igrexas. Eran verdadeiros motores artesanais, nos que se desenvolvían traballos de escultura en pedra, talle de madeira, fabricación de instrumentos musicais, pinturas e construcións monumentais que, aínda hoxe, poden contemplarse en museos e igrexas das vilas de orixe xesuítica.

A fabricación de campás, forxas, impresos e produtos de imprenta foron outros tantos testemuños de tan singular experiencia. Entre os mestres xesuítas sobresaíron Rodríguez, Berger e Brasanelli, e entre os guaraníes, Ignacio Azurica e Cristóbal Pirioby.

Especial consideración tiña o ensino da muller, e a documentación sobre o tema é abundante. Indicacións ao respecto din que ás mulleres que permanecen ociosas a pesar de ser alimentadas pola comunidade “hay que enseñarles a hilar la lana, a tiñir y a tejer. Pueden hacer mantas para su propio uso”. E algo máis importante “un año más tarde las mujeres instalan su propio taller y producen mantas y alfombras que intercambian por mate, tabaco, azúcar y ovejas” (Haubert, 1991, p. 180).

Nas Cartas Ánuas dise que ás mulleres lles gusta vestirse elegantemente e visten así os seus fillos. Saben tecer e bordar e con algodón fan a súa propia roupa.

Un grupo de nenas ocúpase en desborrar a la, algunhas piden, ademais, fiar e tecer. Despois duns días de estaren no taller de aprendizaxe e de adestramento “las niñas fabrican alfombras de colores que son la admiración de los colonos. En poco tiempo el número de mujeres que se dedica a estas tareas aumenta considerablemente. Los niños trabajan en talleres a cambio de un buen desayuno por la mañana y la comida de la tarde con fruta. Además, se les facilitan trozos de tela, coral, tijeras, etc. Se trata de evitar que pasen el día como vagabundos. A los jóvenes se les distribuye en diferentes talleres, trabajan en el huerto, en el jardín, dedicados a la agricultura y a la ganadería. Los más hábiles ayudan a tapizar, a hacer cojines y alfombras y hacen todo ello como artistas consumados. En todas las acciones está presente el trabajo como medio de enseñanza y como elemento de desarrollo personal y profesional” (Haubert, 1991, p. 181).

En ámbito distinto, pódese engadir o coñecemento da existencia dun observatorio astronómico na redución dos Santos Cosme e Damián, fundada en 1652, que en 1703 se converteu no principal centro de estudo de astronomía do continente sudamericano.

O tema da relixión formúlase nunha dimensión diferente á doutros pobos e outras culturas. A civilización guaraní caracterízase pola ausencia de cultos, razón pola cal queda excluída do apartado das grandes culturas americanas. Teñen certa idea da divindade, personificada ás veces no sol, pero carente de ídolos a quen adorar. Por outra banda, os seus escasos ritos, danzas e cerimoniais de carácter máxico non teñen outro fin que conxurar as forzas para o éxito das súas colleitas ou outras actividades e para dar culto aos mortos. En consecuencia, e citando de novo o profesor Meliá, a relixión guaraní non é instrumentalizada en vistas á liberación, senón que é a forma que en si dá sentido ao movemento (de rebeldía). Máis que unha reacción é unha busca do propio modo de ser. De aí a gratuidade da danza ritual como expresión sen máis dun modo de ser irredutible, contrario á cultura do novo dominador (Meliá, 1981, p. 31). Na redución de San Ignacio Guazú, fundada en 1610, exhibese actualmente un interesante museo de arte relixiosa.

Non é preciso insistir na importancia e o progreso que supuxo a imprenta das reducións. De feito, foi a primeira que funcionou nesta parte de América. Foi confeccionada polos padres Juan Bautista Neumann e José Serrano, con materiais da rexión. As principais obras impresas foron *Vocabulario de la lengua Guaraní*, do Padre Ruiz de Montoya; *Sermones y ejemplos*, de Nicolás Yapuguay; *Martirologio romano*, do P. Rivadeneira. É certo que existiron outras imprentas, todas elas construídas con materiais levados de Europa, que axudaron á divulgación da cultura indíxena.

7. A XEITO DE REFLEXIÓN FINAL

Estamos, sen dúbida, ante un tema histórico relevante, sobre todo é notable o tratamento que os xesuítas aplicaron á vida comunitaria intentando a promoción social dos indíxenas. Unha referencia aos datos pode ser elocuente. Cara a 1700, a provincia xesuítica de Paraguai tiña 250 relixiosos, deles 73 traballaban nas 30 reducións xa fundadas: 17 en torno ao río Uruguai e 13 preto do Paraná. Nelas vivían 90.000 indios que constituían 23.000 familias. As referencias aos datos son aproximadas. A información varía duns documentos a outros.

O sistema de vida político e humano desenvolvido nas reducións baseouse no de comunidade libre e constituíu unha das experiencias máis importantes da época. O servizo do ben común, a confianza e o prestixio do sistema foron as claves do éxito. A perfecta organización do traballo pode explicar o alto rendemento que, xunto coas exencións e franquías fiscais, fixeron posible o grande florecemento económico das reducións.

Por outra banda, a posibilidade de escapar á encomenda, así como razóns relixiosas, gañou incontables adeptos para as misións ou as reducións. Pouco a pouco a provincia xesuítica foi converténdose en potencia económica, sobre todo desde que a Real cédula de 1645 autorizou a comercialización do mate.

As reducións transformáronse nun enclave sociocultural pechado, no cal non se permitía ningunha inxerencia do poder civil ou relixioso. Dende o punto de vista eclesiástico chegaron a depender directamente da autoridade papal a través dos superiores da Orde. En canto ao civil e ao penal, os xesuítas ditaron as súas propias leis, independentemente do dereito indiano.

A discriminación respecto á provincia civil creou rivalidades entre ambas as dúas que, en diferentes ocasións, se exteriorizaron en loita aberta e armada, aínda que desde moito antes, a separación política, administrativa e económica era un feito consumado.

Culturalmente, os xesuítas actuaron con acerto para adaptaren os mitos e crenzas aborixes ás fórmulas cristiás. Para a organización interna contaron coa colaboración dos caciques. Antes que nada e para evitar inxerencias e heterodoxias, adoptaron o guaraní como lingua única nas reducións. Ensinábase español, pero permitíase falar o guaraní a pesar de que non era aceptado pola Coroa española. A valoración das culturas autóctonas foi un elemento positivo en todo o proceso.

O idioma dos indios foi estudado a fondo polos misioneiros, especialmente por A. Ruiz de Montoya, autor dunha gramática. A el traducíronse catecismos, devocionarios, sermóns, vidas de santos, todos eles editados pola imprenta construída nas propias misións.

O mesmo Ruiz de Montoya percibiu a riqueza dos medios de expresión que podía ofrecer unha lingua como o guaraní: cantos, danzas, vestidos, ornamentos, plumas; a súa meta a curto prazo era o ingreso na lingua e cultura indíxena (López, 1999).

En cultura, arquitectura, gravado e pintura quedan mostras dun barroco hispano guaraní, no cal é interesante comprobar a presenza do mundo cultural indíxena. Tamén cultivaron a música, o teatro e a danza, aínda que quedan poucos testemuños diso.

Nas reducións aboliuse a pena capital por primeira vez nas colonias de América. Prohibiuse o canibalismo que se practicaba en determinadas etnias americanas.

Os xesuítas, ademais de mestres, ocupábanse dos enfermos, vivían cóbado con cóbado cos indios. Respectaban a cultura guaraní, ao mesmo tempo que a enriquecían cos elementos positivos da cultura europea.

Os regalos de roupas e obxectos de metal, de alimentos, o trato próximo, son imponderables do criticado réxime paternalista que á vez atrae e ata (MCA, III, pp. 39-40. 76).

Ensinaban a utilizar instrumentos de ferro, machados, puntas, agullas, que lles permitían construír as súas canoas, practicar determinados traballos, construír edificios e substituír os utensilios de pedra que ata entón utilizaban, porque, “una vez conocido el metal, no se vuelve a la edad de piedra”, afirma Métraux no seu excelente estudo (Métraux, 1973).

Dixose que as reducións foron un espazo de liberdade. Preséntanse nun momento histórico en que a liberdade dos indios foi xa repetidamente maltratada e continúa sendo ameazada por varias fronteas. Conseguir esa liberdade non foi tarefa doada.

O traballo era múltiple: construír igrexas, sufrir a desconfianza dos caciques e o odio dos feiticeiros, organizar a escola de letras e música, coidar enfermos, erradicar costumes perigosos como era o canibalismo.

O libro escrito por Ruiz de Montoya, *La Conquista Espiritual del Paraguay*, editado en 1639, é unha obra cuxo calibre testemuñal non foi valorado en toda a súa extensión. Convivir con indíxenas na selva, na frondosa selva daqueles días, era perigoso e incerto. Algúns misioneiros morreron de fame.

Bartomeu Meliá, gran coñecedor do pobo guaraní e da súa historia, ten achegas excelentes ao respecto. A historiografía dominante reproduciu durante anos a imaxe dun guaraní servizal e servil, dun aliado que en realidade é un dominado. Non obstante, os documentos que se refiren ao primeiro século da dominación española mostran suficientemente a resistencia activa dos guaraníes contra

aqueles 1.500 parasitos europeos que se estableceran nas súas terras e logo reclamaban os produtos da terra, o servizo persoal dos indios, as súas mulleres e a súa liberdade (Necker, 1979, p. 23).

O Paraguai crioulo miraba as reducións como un corpo estraño que non se deixaba assimilar. Unha loita xorda e continua dominou durante décadas as relacións entre os españois, os xesuítas e os guaraní das reducións.

A documentación xesuítica recolle algúns dos seus puntos de vista que é oportuno considerar. “¿Por ventura fue otro el patrimonio que nos dejaron nuestros padres, sino la libertad? ¿No ha sido hasta ahora común vivienda nuestra cuanto rodea estos montes, sin que adquiriera posesión en nosotros más el valle que la selva?” (Blanco, 1929, p. 525).

A redución, non obstante, non pretendía ser unha organización económica ou unha protección política. A defensa do indio contra o servizo persoal que esixían os encomendeiros constituía un principio básico do plan xesuítico de redución. Chegou a arraigarse firmemente a convicción de que, “donde los indios reciben a los padres, no entran los españoles a inquietarlos” (MCA, II, p. 37).

Os movementos de liberación guaraní foron numerosos, marcaban a súa reacción contra o sistema colonial e as súas novidades económicas. Cando foron dominados, os indios renderonse a servir aos seus encomendeiros:

“En las rebeliones de los guaraní sobresale su carácter profético, pero esta respuesta profética contra los abusos coloniales no es una simple rebelión contra la opresión, y una liberación de la esclavitud, sino más bien una afirmación de la identidad y una voluntad de autenticidad” (Meliá, 1981, p. 31).

A redución é un lugar de protección contra a encomenda e calquera forma de escravitude. Ao indio encomendado oponse o indio reducido. Para os xesuítas esta diferenza é substancial e satisfactoria e nunca deixarían de ser un produto –escribiu Bartomeu Meliá– da norma colonial, cuxa práctica abusiva querían corrixir.

A acollida dispensada aos xesuítas por parte dos guaraní pode explicarse polas normas da hospitalidade indíxena, pola curiosidade que espertaba a súa chegada e pola simpatía que se establecía con eses homes amables e desarmados que sabían acariciar a nenos e anciáns.

Se por unha parte a redución é aceptada e acollida como novidade, protección contra a escravitude e afirmación política dalgúns caciques, por outra, é a súa identidade guaraní a que senten ameazada. A súa vida nómade, os seus “feiticeiros” que son expulsados ou domesticados, en fin os seus costumes cambian, “se va perdiendo su ser y se va humanizando” (MCA, I, p. 302).

As prevencións acumuladas contra elas –chegouse a falar de “estado no estado”– entraran en crise con motivo da guerra guaranística (1753-1756), emprendida polos indios para opoñerse ao Tratado de Límites hispano-portugués de 1750, que cedía sete pobos aos veciños portugueses. Se ben é certo que os xesuítas non tomaron parte directa na guerra, tampouco se opuxeron categoricamente á resistencia dos indios.

Cos anos o sistema das reducións afianzouse e estendeuse e na segunda metade do século XVII calquera resistencia desaparece. Fortalécese un sentimento especial pola terra que, mesmo os poetas, expresan vivamente. Segundo Bartomeu Meliá, “son en realidade produto de una transculturación. No son la añoranza de un modo de vida anterior, sino la afirmación de la vida en reducción y se expresa a través de ella” (Meliá, 1981, p. 35).

No século XVIII, a redución representa un modo de vida con vantaxes nada desprezables; é unha nova realidade sociocultural e relixiosa.

O fin da presenza xesuítica chegou en 1767, ano da expulsión da Compañía de todos os dominios españois. A orde de Carlos III obedece a diversos factores, por unha parte os europeos non aturaban ningún tipo de expresión fóra dos seus intereses coloniais e, por outra, a envexa e o afán de apoderarse dos indios e dos logros que obtiveran. Tras a expulsión os indios, que non volveron á vida selvática, emigraron ou integráronse no proceso da mestizaxe.

Remato coa expresión dun xesuíta crioulo: “Creo que en ninguna parte de la Compañía hubo mayor entusiasmo, mejor voluntad y más empeño”. No contexto de tales actitudes e valores, é posible, sen dúbida, rescatar ideas da experiencia histórica das reducións, das súas formulacións de educación e desenvolvemento comunitario, que sexan eficaces para inspirar proxectos socioeducativos hoxe.

Talvez, neste horizonte de utopía, ante este legado da historia, declarado pola UNESCO Patrimonio da Humanidade, poidan albiscarse solucións semellantes para algúns dos problemas da educación do noso tempo.

8. BIBLIOGRAFÍA

- AGUILAR, F. de B. (1995) *Las reducciones del Paraguay: la educación de los indios guaraníes (1609-1768)*. Salamanca, Universidad de Salamanca. Memoria de Licenciatura.
- ARMANI, A. (1982) *Ciudad de Dios y Ciudad del Sol. El “Estado” jesuita de los Guaraníes 1609-1768*. México, Fondo Cultural Económico.
- ASTRAIN, A. (1925) *Historia de la Compañía de Jesús de la Asistencia de España*. Madrid, Ed. Razón y Fe (7 vols.).
- ASTRAIN, A. (1995) *Jesuitas, Guaraníes y Encomendero*. CEPAG.

- AZARA, F. de (1990) *Descripción general del Paraguay*. Madrid, Alianza (Ed. Andrés Galera Gómez).
- BACIERO, C. (1988) Acosta y el Catecismo Límense: una nueva pedagogía. En VARIOS *Inculturación del indio*. Salamanca, Universidad Pontificia.
- BALMORI, C. (1955) *La conquista de los españoles y el teatro indígena americano*. Tucumán, Facultad de Filosofía y Letras.
- BALLESTEROS, J. P. (1979) *La educación jesuítica en las reducciones guaraníes*. Paraná.
- BARREIRO, R. e DUVIOLS, J. P. (1992) *Tentación de la utopía. La república de los jesuitas en el Paraguay*. Barcelona, Tusquets.
- BARZANA, A. de (1887) *Carta sobre las costumbres de los indios guaraníes. Relaciones geográficas de las Indias*. Madrid, Ed. P. Juan Sebastián de la Parra.
- BLANCO, J. M. (1929) *Historia documentada de la vida y gloriosa muerte de los Padres Roque González de Santa Cruz, Alonso Rodríguez y Juan del Castillo, de la Compañía de Jesús, mártires del Caaró e Yjuhi*. Bos Aires.
- BOROÁ, D. de (2005) Carta Ánua de las reducciones en 1636. *Revista de la Biblioteca pública de Buenos Aires* (4). Ver tamén Cartas Ánuas de la Provincia del Paraguay, Chile y Tucumán de la Compañía de Jesús (1609-1637). Bos Aires, 1927-1929.
- GÁLVEZ, L. (1989) Jesuitas y Guaraníes, el encuentro de dos mundos. *Todo es Historia* (260) 6-15.
- GUEVARA, J. (1908) *Historia del Paraguay. Río de la Plata y Tucumán*. Bos Aires.
- HAUBERT, M. (1991) *La vida cotidiana de los indios y los jesuitas en las Misiones del Paraguay*. Madrid, Temas de hoy.
- IBÁÑEZ DE ECHÁVARRI, B. (1770) *El reyno jesuítico del Paraguay. Colección General de Documentos tocantes a la tercera época de las conmociones de los Regulares de la Compañía en el Paraguay*. Tomo IV. Madrid, Imprenta Real de la Gaceta.
- KONETZKE, R. (Ed.) (1953-1965) *Colección de Documentos para la historia de la formación social de Hispanoamérica (1493-1810)*. Madrid (4 Vols.).
- LACOUTURE, J. (1994) *Jesuitas*. Barcelona, Paidós (París 1991) vol. 1, cap. XIII.
- LÓPEZ, N. (1999) Antonio Ruiz de Montoya, personaje multifacético. *Última Hora, El Correo Semanal*. Asunción, 12-13 marzo.
- MAEDER, E. J. A. (1992) *Misiones del Paraguay. Conflicto y disolución de la sociedad guaraní (1768-1850)*. Madrid, Mapfre.
- MARZAL, M. (1992) *La utopía posible: Indios y jesuitas en la América Colonial (1549-1767)*. Vol. I. Lima, Universidad Católica del Perú.
- MCA. MANUSCRITOS DE LA COLECCIÓN ÁNGELIS (1955) *Antecedentes do Tratado de Madrid. Jesuitas e Bandeirantes o Paraguay, 1703-1751*. Río de Janeiro, Biblioteca Nacional.
- MELIÁ, B. (1981) El Guaraní reducido. *Chistus* (46: 551) 30-33.
- MÉTRAUX, A. (1973) *Religión y magias indígenas en América del Sur*. Madrid, Aguilar.
- NECKER, L. (1979) *Indios guaraníes y Chamanes franciscanos: Las primeras Reducciones del Paraguay (1580-1800)*. París, Anthropos.

- RUIZ DE MONTOYA, A. (1639) *La Conquista Espiritual del Paraguay*. Madrid.
- RUIZ DE MONTOYA, A. (1994) *Arte y vocabulario de la lengua guaraní*. Madrid, Agencia Española de Cooperación. París, UNESCO.
- RUIZ DE MONTOYA, A. *Memorial* (1643). En HERNÁNDEZ, P. (1913) *Organización Social de las Doctrinas Guaraníes de la Compañía de Jesús*. Barcelona, Gustavo Gili.
- SANTOS HERNÁNDEZ, A. (1993) Labor pedagógica de los jesuitas en las reducciones del Paraguay (907-920). En DELGADO CRIADO, B. (Coord.) *Historia de la Educación en España y América*. Madrid, S. M. Morata, Vol. II.
- TORRES, M. A. *Informe sobre la yerba del Paraguay hecho por el Obispo del Paraguay Don Manuel Antonio Torres*. S.F.
- ZABALA, F. (1941) Un informe del Gobernador de Misiones sobre el estado de los treinta pueblos. *Boletín del Instituto de Investigaciones Históricas* (25).
<http://gulib.lausun.georgetown.edu/dept/speccoll/cl101.htm>
<http://www.misiones.gov.ar/historia>

Data de aceptación definitiva: 12/01/06